

canalizaciones de distribución de gas propano a inmueble ubicado na rúa José Malvar Figueroa, nº 35 (Expediente nº 5075/00).

Pontevedra, a 24 de febreiro de 2000.—O Alcalde, P.D. o Tte. Alcalde (Resolución de 5-7-99), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo. 2129

### E D I C T O

Durante o prazo de dez días hábiles contados a partir desta publicación no Boletín Oficial da provincia, podrán presentarse reclamacións en relación coa solicitude formulada por “Grup Lauren Exhibición, S.L.”, de licencias de acondicionamento e apertura de local para Bar-Restaurante na Avenida Eduardo Pondal, s/n. (Expediente nº 4299/00).

Pontevedra, a 24 de febreiro de 2000.—O Alcalde, P.D. o Tte. Alcalde (Resolución de 5-7-99), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo. 2126

### E D I C T O

Durante o prazo de dez días hábiles contados a partir desta publicación no Boletín Oficial da provincia, podrán presentarse reclamacións en relación coa solicitude formulada por Josefina Iglesias Couso, de licencias de acondicionamento e apertura de local para Parafarmacia na Avenida Eduardo Pondal, nº 9 (Expediente nº 36151/99).

Pontevedra, a 1 de marzo de 2000.—O Alcalde, P.D. o Tte. Alcalde (Resolución de 5-7-99), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo. 2105

\* \* \*

### V I G O

#### A N U N C I O

##### U. A. URBAN

Por non resultar posible practicar a notificación persoal o interesado no lugar indicado como domicilio, conforme o disposto no artigo 59.4 da L. 30/92, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), se lle notifica o acordo adoptado pola Comisión de Goberno do 14 de febreiro de 2000 mediante a súa publicación no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello de Vigo e no BOP. Este acordo e do seguinte teor:

“PRIMEIRO.—Revoga-lo acordo da Comisión de Goberno de data de 10/10/1997 polo que se acordou conceder a D. Francisco Javier García Cea, (DNI/NIF: 36.120.006) en representación de “Génesis de Comunicación, S.L.”, unha subvención para a re-

forma do local e a creación de 3 postos de traballo, a xornada completa e tempo indefinido, sito na rúa Pracer no 5-1º A, de Vigo, polo incumprimento do recollido na base 12 da I Convocatoria de axudas a Pemes, sin que tivese presentado no prazo legalmente establecido, a documentación pertinente ou feito calquera manifestación que desvirtuara a veracidade e exactitude dos termos que deran lugar a incoación deste expediente.

SEGUNDO.—Dar conta deste acordo ás oficinas municipais interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, e notifícalo a D. Francisco Javier García Cea, conforme ó disposto na lexislación vixente, coa indicación expresa dos recursos que contra o mesmo, sexan procedentes en dereito.”

Contra o anterior acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo de un mes, ou ben poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou no Xulgado do contencioso-administrativo nos casos sinalados no artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte a notificación do presente acordo resolutorio, sen prexuízo de interpoñer outro recurso que estime conveniente.

Vigo, 2 de marzo de 2000.—O Alcalde, Lois Pérez Castrillo. 2137

#### A N U N C I O

*Aprobación definitiva do Plan Especial de Mellora do Núcleo 03.26 Esparramán (Bembrive) (Expediente 4574/411).*

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo en sesión do día 14 de febreiro de 2000, acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do Núcleo 03.26 Esparramán na parroquia de Bembrive, plan de iniciativa municipal redactado polos arquitectos D. Víctor Manuel González Magdalena, D. Francisco José Martínez Paz e D. Xosé Ramón Garrido Davila, así como do seu catálogo complementario de elementos a protexer, conforme á documentación da súa aprobación inicial (Exp. 4574/411)

O que se publica para o xeral coñecemento e de conformidade co artigo 48.2 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia significando que a Normativa e Ordenanzas de aplicación son as seguintes:

##### 7.—NORMATIVA

###### 7.1. Urbanística e de edificación

*Normas urbanísticas de aplicación no ámbito do núcleo 03.26-Esparramán.*

Diferéncianse dúas zonas, con ordenanzas lixeiramente diferentes:

- 1.A. Ordenanza xeral do núcleo.
- 1.B. Ordenanza particular.

#### Ordenanza Xeral.

As características da ordenanza son idénticas ás establecidas no PXOU93 de Vigo, para a cualificación 1.3. grado B., de vivenda unifamiliar Ulada de media densidade, coas seguintes particularidades para as condicións de volume:

- Parcela mínima 500 m .
- Recadros laterais 3 m.
- Recadros a camiños 4 m., á aliñación indicada nos planos do proxecto.
- Ancho mínimo de parcela a efectos de parcelación 12 m. na situación da vivenda, cun mínimo de 3 m. de ancho de parcela, na fronte de parcela ó camiño.

#### Ordenanza Particular.

As características da ordenanza son idénticas ás establecidas no PXOU-93 de Vigo, para a cualificación 1.3. grado B, de vivenda unifamiliar illada de media densidade, coas seguintes particularidades, para as condicións de volume:

- Parcela mínima 400 m<sup>2</sup>.
- Recadros laterais 3 m.
- Recadros a camiños 3 m., á aliñación indicada nos planos do proxecto.
- Altura máxima da edificación 9 metros, medidos dende o cumio ata rasante do terreo.
- Diámetro mínimo do círculo inscribible na zona unitaria 8 metros.
- Ancho mínimo de parcela a efectos de parcelación 12 m. na situación da vivenda, cun mínimo de 3 m. de ancho de parcela, na fronte da parcela ó camiño.

Considéranse ademais as seguintes condicións particulares en todo o ámbito do núcleo:

*Rasantes Oficiais:* E o perfil lonxitudinal dun terreo, considerándose a tal fin a topografía natural do núcleo, indicada no plano topográfico do presente PEMN.

*Protección dos sistemas de rega do núcleo:* Establécese unha protección de 1.5 metros de ancho dos canais de rega que non coinciden con camiños, dita protección aparece indicada no plano de proxecto correspondente, serán obrigatorias as seguintes condicións:

- Os cerramentos das propiedades situaranse segundo o plano de proxecto do PEMN que indica as aliñacións respecto dos canais de rega.
- O terreo exterior dende dita aliñación ata a rega será de cesión gratuíta ó Concello.
- Dita franxa de 1.5 metros dende a rega ata os cerramentos, serán para constituir paseos peonais polo interior do núcleo.

- Os materiais con que se constrúan os cerramentos colindantes coas regas, serán cegos ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose pasar esa altura únicamente con sebes ou mallas metálicas.

*Elementos catalogados.*—Os elementos que constitúen o catálogo do presente PEMN, non poderán ser modificados. E, en particular as presas deberán de ser recuperadas e saneadas.

*Zonas verdes.*—No presente PEMN non se considera ningunha zona verde delimitada como tal, xa que na ficha correspondente o presente núcleo do PXOU de Vigo non se consideraba necesaria, ó ser o ámbito do núcleo moi pequeno e ser a parroquia de Bembrive excedente nese tipo de dotacións. Sendo por outra banda o presente núcleo de Esparramán unha extensión do veciño núcleo de Xestoso no que se prevé esa dotación curiha extensión de 3.468 m<sup>2</sup>.

*Abastecemento de auga.*—O núcleo de Xestoso - Esparramán conta cun sistema de abastecemento de auga privado, tal como se indica na memoria de información. A previsión de crecemento futura fai necesaria a conexión de dita rede privada á rede pública municipal de SERAGUA, a tal fin será precisa que a rede cumpra coas condicións indicadas a tal fin pola empresa SERAGUA.

#### 7.2. CONSERVACION DO CARACTER RURAL

Aínda que a conservación dun atributo como o carácter rural non é posible únicamente por medio da aplicación de medidas de tipo constructivo, non cabe dúbida que estas contribuirán cando menos a que non se deteriore.

Un mínimo respecto ó entorno obriga ó establecemento dunhas medidas para a súa protección, de aplicación xeral a todo tipo de construcións, que eviten o proceso actual de perda da calidade ambiental como consecuencia da aparición de construcións que se afastan completamente dos canons tradicionais sobre forma e acabado.

En tal sentido, queda prohibido:

Deixa-las construcións con bloques de formigón ó descuberto, estes bloques deberán ser sempre revestidos con morteiro de cemento e pintados, ou utilizando morteiro monocapa.

Deixa-los tellados ou medianeiras con placas de fibrocemento á vista. Todalas cubertas deberán rematarse con algún material adecuado (tella cerámica, de formigón, etc.). As medianeiras deberán recibir tratamentos de fachada.

O uso de plaquetas cerámicas queda terminantemente prohibido.

O peche de fincas con bloques de formigón e con postes de ferro e aramado.

Tódolos tendidos aéreos de calquera clase.

Asfalta-los camiños ou rúas interiores 6 núcleo.

*Recoméndase:*

- A realización de fachadas con granito.
- A carpintería de madeira, pintada en marrón, branco ou verde.
- A tella cerámica curva.
- Os cerramentos de leiras con cachotería.
- Utilización de postes de granito para a formación de emparrados, no lugar dos actuais de formigón.

*E obrigatorio:*

- Encastrar nas paredes as caixas de tipo rexistrable (FENOSA, etc.), recubrindoas cunha tapa de medianeira ou pedra a fin de facer que pasen inadvertidas.
- Recubri-las chemineas do mesmo material que a fachada.

Contra o devandito acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio.

De conformidade co artigo 59.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a medio do presente anuncio, e publicación no taboleiro de edictos do Concello, notifícase o acordo que nel se contén a tódolos propietarios que sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben intentada a mesma non se puidese practicar.

Vigo, a 6 de marzo de 2000.—O Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, Lois Pérez Castrillo. 2119

*Expediente 10.240/423*

Con data 26 de xullo de 1999, a aparelladora municipal, emitiu o informe que segue:

Trátase dun muro de contención de terras con fronte á rúa San Roque, cunha lonxitude aproximada de 9 m. e unha altura duns 2 m., executado a base de fábrica de pedra (perpiaño), acadando unha altura de contención de aproximadamente 1,80 m.

A parcela na que se sitúa o muro atópase en solo clasificado como urbano, estando incluído no ámbito do Plan especial de reforma interior PERI San Roque, IV-02.

Na inspección efectuada comprobouse con relación ó seu estado actual o desplome da fábrica cara á vía pública na súa zona esquerda e a deformación cara a parcela da parte superior da fábrica na súa zona central. Ambas circunstancias se ven agravadas polo descamamento das xuntas entre

perpiaños e o crecemento de elementos de vexetación nestas zonas.

Polo exposto e toda vez que a fábrica non reúne as condicións de seguridade esixibles deberá requirir á propiedade para que baixo a dirección dun técnico competente se proceda á execución das obras necesarias para o restablecemento das ditas condicións, estudando as causas que tiveran producido os danos sinalados e a súa eliminación, procedendo á reparación da fábrica existente ou, de non ser esta, posible, á súa reconstrución (total e parcial).

Adxuntarase a este expediente o proxecto correspondente suscrito por técnico competente que inclúa os extremos sinalados no parágrafo anterior, así como oficio de dirección do técnico, ambos documentos visados polo correspondente colexio profesional.

O prazo para a execución das obras estímase nun mes, garantindo durante o seu transcurso a adopción das medidas de seguridade necesarias cara á vía pública. Unha vez finalizadas as obras adxuritaráse certificado técnico de solidez do muro tamén visado polo colexio profesional correspondente.”

Consultado o padrón do Imposto de Bens Inmóveis o propietario é D. Ramón Rodríguez Rodríguez, quen segundo as pescudas realizadas pola Policía Local finou, e os seus herdeiros viven fora de Vigo, en Arxentina e Zaragoza, descoñecéndose o seu enderezo.

O incumprimento pola propiedade das súas obrigas respecto da conservación do muro provoca un progresivo aumento da situación de deterioro do mesmo, dando lugar a unha grave situación de perigo de que se produzan desprendementos de elementos do muro sobre a vía pública polo que resulta necesario que de inmediato se adopten as medidas de seguridade urxente es que se indican no citado informe da aparelladora municipal.

De acordo co artigo 170 da Lei do solo de Galicia, do 24 de marzo de 1997, e 24 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia de 21 de xaneiro de 1999, os propietarios de terreos, urbanizacións de iniciativa particular e edificacións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade fixadas no Decreto 311/1992, do 12 de novembro, e os correspondentes instrumentos de planeamento, correspondéndolle ó presidente da Xerencia municipal de urbanismo ordena-la execución das obras necesarias para manter aquelas condicións, con indicación de prazo de realización. En caso de incumprimento, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 50.000 a 500.000 pesetas, en función das circunstancias que concorran, reiterables ata lograla exe-